



( Selo da Corporación )

( Sinatura do Presidente )

Folio N.º ..... 1

Serie A N.º 2790318



APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018**

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o catro de maio do ano dous mil dezaoito, ás nove horas, reúñese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.ª Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asisten á sesión os deputados provinciais don Jorge Pumar Tesouro e don Pablo Pérez Pérez, que escusan a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 20 DE ABRIL DE 2018.**- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte de abril de dous mil dezaoito, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

**2.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DAS FEDERACIÓNS OU AGRUPACIÓNNS DE ASOCIACIÓNNS VECIÑAIS DE OURENSE CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2018.**- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial acordou, na sesión que tivo lugar o 2 de febreiro de 2018, aprobar as bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2018.

O artigo 7, apartado 4, da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación Provincial, establece que a instrución do procedemento comprenderá a comprobación de que as solicitudes presentadas cumplen cos requisitos esixidos para ser admitidas a trámite na convocatoria, así como a realización do trámite de emenda de deficiencias e que a dita



( Selo da Corporación )

( Sinatura do Presidente )

Folio N.º ..... 2

Serie A N.º 2790318

APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018**

instrucción rematará cun informe do xefe da unidade administrativa, no que se proporá a admisión ou non admisión a trámite das solicitudes, segundo proceda.

En consecuencia, e para darré cumprimento ao dito artigo e ás bases reguladoras da convocatoria, procédese á instrucción do procedemento de referencia da seguinte maneira:

En relación coa convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2018 (BOP n.º 38, do 16 de febreiro de 2018), presentáronse as seguintes solicitudes:

**1º ) Solicitudes presentadas:****FEDERACIÓNS OU AGRUPACIÓNS DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS DE OURENSE 2018**

N.º	SOLICITANTE	CIF/DNI
1	FEDERACIÓN DA AAVV OURENSE LIMIAR	G32226276
2	AGRUPACION DE AAVVMIÑO	G32408023
3	FEDERACIÓN DE AAVV DE CARBALLIÑO	G32247926
4	FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MMRR DEOURENSE (FEMURO)	G32237869

**2º) Cualificación da documentación administrativa presentada:**

Tendo en conta que tódalas solicitudes foron presentadas en tempo e forma, e en aplicación do disposto na base sexta da convocatoria, **proponse a admisión a trámite das seguintes solicitudes:**

**FEDERACIÓNS OU AGRUPACIÓNS DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS DE OURENSE 2018**

N.º	SOLICITANTE	CIF/DNI
1	FEDERACIÓN DA AAVV OURENSE LIMIAR	G32226276
2	AGRUPACION DE AAVVMIÑO	G32408023
3	FEDERACIÓN DE AAVV DE CARBALLIÑO	G32247926
4	FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MMRR DEOURENSE (FEMURO)	G32237869

Por unanimidade, a comisión presta conformidade ó informe – proposta da xefa da sección, procedendo a inicia-la valoración dos proxectos admitidos a trámite, correspondentes ós solicitantes relacionados.

De conformidade coa base 8ª das que rexen a convocatoria, as regras de valoración contidas nas bases reguladoras da convocatoria son as seguintes:



(Síntoma do Presidente)

Folio N.º ..... 3

Serie A N.º 2790318



APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018

a) Número total de socios das asociacións veciñas agrupadas na federación solicitante. Asignaránsele 50 puntos á federación que agrupe ás asociacións cun maior número de socios, puntuándose o resto en proporción directa.

b) Volume de gasto corrente orzado. Asignaránsele 50 puntos á federación que presente un maior orzamento de gasto corrente, puntuándose o resto en proporción.

2. O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito orzamentario destinado á convocatoria entre o número total de puntos sumados polos solicitantes.

3. A subvención que corresponda a cada solicitante determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta que ningunha entidade poderá recibir subvención por importe superior ao seu orzamento de gasto corrente subvencionable.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elles os criterios recollidos no apartado 1.

4. A Comisión de Valoración puntuará as solicitudes formuladas conforme cos criterios sinalados, e proporá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes e por rigorosa orde de puntuación, ata esgotar o crédito dispoñible.

Doutra banda, a base 3<sup>a</sup> establece que para as subvencións incluídas nesta convocatoria se reserva crédito nos vixentes orzamentos da Deputación Provincial de Ourense, na aplicación 924.12/489.10 por importe máximo de 50.000,00 euros.

Unha vez detallados os criterios de valoración, cómpre advertir os seguintes aspectos:

1º) A Federación de AAVV do Carballiño, non presentou a “certificación do secretario da federación, co visto e prace do presidente, na que conste o número e denominación das asociacións veciñas que a integran, e o número de socios de cada asociación federada. Este último dato certificarase polo secretario da federación solicitante sobre a base da información que lle subministren os secretarios das asociacións federadas.”

A dita certificación forma parte da documentación para a valoración da solicitude de subvención non sendo emendable, tal é como o dispón a base cuarta 6, relativa ás regras



( Selo da Corporación )

( Síntoma do Presidente )

Folio N.º ..... 4

Serie A N.º 2790318

'APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018**

sobre emenda de deficiencias na documentación presentada que establece que “*dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.*”

En consecuencia, a Comisión de Valoración asignouelle cero puntos neste apartado.

2º) A Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense, presentou o balance de ingresos e gastos do ano 2017 en vez da “*certificación do secretario da federación, co visto e prace do presidente, na que conste o orzamento de gastos e ingresos do exercicio 2018, desagregado por capítulos e conceptos co maior detalle posible, e aprobado pola asemblea da federación*”, que é o que establece a base cuarta 3 da convocatoria.

A dita documentación non é emendable ó tratarse de documentación valorable polos motivos indicados no anterior apartado primeiro; igualmente e, en consecuencia, asignóuselle cero puntos no apartado correspondente.

Unha vez visto todo o anterior, finalizado o prazo de alegacións (sen se presentar ningunha) á resolución provisional do concurso público para a concesión de subvencións para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2018, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o 2 de febreiro de 2018 e publicadas no BOP n.º 38, do 16 de febreiro de 2018, vista a proposta de resolución do concurso formulada pola Comisión de Valoración con data 4 de abril de 2018, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo** de resolución definitiva:

**1º) Admitir a trámite a seguintes solicitudes:****FEDERACIÓN OU AGRUPACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS DE OURENSE 2018**

N.º	SOLICITANTE	CIF/DNI
1	FEDERACIÓN DA AAVV OURENSE LIMIAR	G32226276
2	AGRUPACIÓN DE AA.VV.MIÑO	G32408023
3	FEDERACIÓN DE AAVV DE CARBALLIÑO	G32247926
4	FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MMRR DEOURENSE (FEMURO)	G32237869



APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS



( Selo da Corporación )

( Síntoma do Presidente )

Folio N.º ..... 5

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018**

**2º) Concederelles, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:**

FEDERACIÓN	CIF/DNI	TOTAL
FEDERACIÓN DE AAVV DE OURENSE LIMIAR	G32226276	24.000,00 €
AGRUPACIÓN DE AAVV MIÑO	G32408023	22.000,00 €
FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MULLERES RURAIS DE OURENSE	G32237869	1.844,77 €
FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CARBALLIÑO	G32247926	2.155,23 €

**3º) As subvencións libraranse tras a súa xustificación, conforme co establecido nas bases da convocatoria.**

**4º.-** Dispor a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.

**3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CLUB NATACIÓN SINCRONIZADA**

**OURENSE.**- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 48211-34111, unha subvención nominativa, por importe de 29.000,00 euros, a favor do Club Natación Sincronizada Ourense, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención ó Club Natación Sincronizada Ourense, nos seguintes termos:

**-Importe:** 29.000,00 euros.

**-Obxecto:** gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

**-Xustificación:** a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º ..... 6

Serie A N.º 2790318



APEL NUMERADO  
CORPORACIÓNS  
LOCAIS

## Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018

accions subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2018.

### **4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE LIBREROS DE**

**GALICIA.**- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 48927-33420, unha subvención nominativa, por importe de 9.000,00 euros, a favor da Federación de Libreros de Galicia, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes aos anos 2017- 2018.



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º ..... 7

Serie A N.º 2790318



APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda aprobar** unha subvención á Federación de Libreros de Galicia, nos seguintes termos:

**-Importe:** 9.000,00 euros.

**-Obxecto:** gastos de funcionamento da entidade correspondentes aos anos 2017- 2018.

**-Xustificación:** a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos



( Selo da Corporación )

( Síntoma do Presidente )

Folio N.º ..... 8

Serie A N.º 2790318



APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018**

simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2018

**5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN CARLOS CASARES.**- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 48913-33420, unha subvención nominativa, por importe de 50.000,00 euros, a favor da Fundación Carlos Casares, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Fundación Carlos Casares, nos seguintes termos:

**-Importe:** 50.000,00 euros.

**-Obxecto:** gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

**-Xustificación:** a subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha



( Selo da Corporación )

( Síntoma do Presidente )

Folio N.º ..... 9

Serie A N.º 2790318



APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018**

declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2018

**6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PUNXÍN.**- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 450.12/462.15, a cantidad de 10.000,00 euros a favor do Concello de Punxín, para gastos de bombeo en Razamonde.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa



( Sello da Corporación )

( Sinatura do Presidente )

Folio N.º ..... 10

Serie A N.º 2790318



APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018**

proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Punxín, nos seguintes termos:

-**Importe:** 10.000,00 euros.

-**Obxecto:** gastos de bombeo en Razamonde.

-**Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención acada o 100% do importe da subvención concedida.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan



Sello da Corporación

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º ..... 11

Serie A N.º 2790318



APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018**

débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2018.

**7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS.**- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 46210-33420, a cantidad de 35.000,00 euros a favor do Concello de Vilamartín de Valdeorras, para o Proxecto As Letras de Florencio.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Vilamartín de Valdeorras, nos seguintes termos:

-**Importe:** 35.000,00 euros.

-**Obxecto:** Proxecto As Letras de Florencio.

-**Xustificación:** A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpliu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º ..... 12

Serie A N.º 2790318

APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018**

3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2018.



( Selo da Corporación )

( Sinatura do Presidente )

Folio N.º ..... 13

Serie A N.º 2790318

'APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018****8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE XINZO DE LIMIA.**- No

Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 46213-33420, a cantidade de 15.000,00 euros a favor do Concello de Xinzo de Limia, para a celebración da Festa do Esquecemento 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Xinzo de Limia, nos seguintes termos:

**-Importe:** 15.000,00 euros.

**-Obxecto:** celebración da Festa do Esquecemento 2018.

**-Xustificación:** A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpliu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º ..... 14

Serie A N.º 2790318



APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018**

xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 31 de outubro de 2018.

**9.- ASUNTOS DE URXENCIA.**- Trala unánime declaración da urxencia dos asuntos, por non figuraren incluídos na orde do día, a Xunta de Goberno, adoptou os seguintes acordos:

**9.a) MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2018, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 92/POS/2018, NO TERMO MUNICIPAL DE VILAR DE SANTOS.**

Á vista da solicitude formulada polo Concello de Vilar de Santos, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adoptó** o seguinte acordo:

Modifica-lo Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2018 no relativo ó Concello de Vilar de



( Selo da Corporación )

( Sinatura do Presidente )

Folio N.º ..... 15

Serie A N.º 2790318

APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018**

Santos, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “mellora da iluminación pública en Parada, Outeiro, O Mosqueiro e A Ponte”- a obra denominada “mellora de urbanización en Vilar de Santos, Casas da Veiga, Laioso e Castelaus”, co número 92/POS/2018, cun orzamento total de execución de 48.000,00 €.

**9.b) PECHE DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES ESCÉNICAS E MUSICAIS PARA O ANO 2018.** - Con data 29 de decembro de 2017, a Xunta de Goberno desta Deputación acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións da Deputación Provincial de Ourense para o fomento das actividades escénicas e musicais para o ano 2018.

De acordo coas bases da dita convocatoria, a posibilidade de concesión de subvencións para a realización de actuacións escénicas e musicais quedou aberta ata o 30 de novembro de 2018.

Non obstante o anterior, con data 30 de abril de 2018, a Intervención desta Deputación informou do esgotamento da partida orzamentaria correspondente a esta liña de axudas, o que imposibilita a concesión de novas subvencións a partir do día 20 de abril de 2018.

Considérase conveniente, por razóns de seguridade xurídica e para os efectos de informar debidamente desta circunstancia aos potenciais interesados, deixar sen efecto a convocatoria das citadas subvencións, con efectos do 20 de abril de 2018.

A Presidencia da Deputación procederá a denegar as solicitudes que teñan entrada dende o día 20 de abril (inclusive) de 2018, sen necesidade de acordo ningún ao respecto por parte da Xunta de Goberno, ao producirse a carencia dun requisito esencial para a concesión de subvencións, como é a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

Polo exposto, trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Deixar sen efecto a convocatoria do concurso para concesión de subvencións para o fomento de actividades escénicas e musicais para o ano 2018, regulada polas bases da convocatoria aprobada por acordo da Xunta de Goberno do 29 de decembro de 2017.

Como consecuencia deste acordo, as solicitudes presentadas con posterioridade ao día 19 de abril de 2018, non serán admitidas a trámite. O cesamento de efectos da



(Sinatura do Presidente)

A blue ink signature of a person's name, appearing to start with 'J' or 'B'.

Folio N.º ..... 16

Serie A N.º 2790318



APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de maio de 2018**

convocatoria non afectará ás solicitudes que foran presentadas con anterioridade ao 20 de abril de 2018.

2º.- Publicar este acordo no BOP e na páxina web da Deputación Provincial, para xeral coñecemento.

**10.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.**- Non se presentaron.

**11.- ROGOS E PREGUNTAS.**- Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día catro de maio do ano douce mil dezaoito, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

A large blue ink signature of the President's name, appearing to start with 'J' or 'B'.

O VICESECRETARIO,

A blue ink signature of the Vice-Secretary's name.